

## **MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LATÍN 4º ESO**

### **DEPARTAMENTO DE LATÍN**

A publicación da *Orde do 27 de decembro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*, supón a modificación do calendario e, en consecuencia, a modificación da programación didáctica prevista para o curso 2022/23 por este departamento.

Tal e como dita a *Orde do 27 de decembro de 2022*, ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais e unha avaliación final, que coincidirá coa sesión da 3ª avaliación parcial. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase a partir do 22 de xuño.

Por mor da publicación da devandita orde é necesario reformar un apartado da programación didáctica:

#### **5.7. Sistema de recuperación.**

Se algún dos alumnos non alcanza os obxectivos e contidos nunha avaliación, entregaránselle actividades de reforzo dos obxectivos e contidos non alcanzados, similares ás realizadas durante a avaliación. Non haberá probas escritas de recuperación das dúas primeiras avaliacións, pois os contidos son acumulativos polas características da materia.

Ferrol, 7-3-23